

# ai

GUÍA DE CULTURA, SERVICIOS E OCIO EN FERROLTERRA XULLO 2024

#193

DANZA

## Festival folclórico EN NARÓN

Exemplar gratuito

# Eameka

NOS XARDÍNS DE HERRERA

# Laura e Néstor Sarao Studio

*Hai pouco máis dun ano a restauradora Laura Freire e o deseñador Néstor da Silva inauguraban no nº61 da rúa Real de Ferrol Sarao Studio. A experiencia como un novidoso espazo de mostra e creación no centro da cidade foi tan positiva que o lugar se lles quedou pequeno e cara setembro mudarán a un novo local en Catabois.*

**TEXTO:** Nicolás Vidal

## **Aí. Creastes Sarao Studio no centro de Ferrol hai un ano. Que pasou desde entón?**

**SS.** Nun principio a xente anima moito e amósase moi activa, as novidades son excitantes. Logo, moitas das actividades coas que contabamos que houbera participación non foi así, pero entendemos que iso pasa con todo o mundo, gusta que existan locais como este pero o público ten que coller confianza para participar nas propostas que se lles fai. Tes que aguantar para que a xente colla confianza, vexa que tipo de iniciativas desenvolves e se anime a pedirche que fagas isto ou o outro. Pasa en Ferrol ou en calquera cidade deste tamaño.

## **Aí. Pero polo menos sobrevivides e con proxectos.**

**SS.** Os principios sempre son complicados pero con esforzo tiras para adiante. Sempre tivemos claro que os primeiros meses serían de traballo de galería e logo xa ir diversificando a

facer obradoiros, espazo de coworking, etc. Tamén puidemos dedicarnos só a galería ou organizar exposicións de artistas noutros lugares como o Torrente ou outros espazos públicos, que non se descarta. Pode parecer agora que a cousa vai lenta pero a marea segue a subir e xa hai consecuencias.

## **Aí. De que tipo?**

**SS.** En setembro cambiamos de ubicación, marchamos ao número 230 da estrada de Catabois. O local novo triplica o espazo deste. O aluguer non é máis barato pero ten 300 metros cadrados, esta é a razón do cambio. As propostas serán as mesmas pero trataremos de potenciar os talleres e o coworking, no que estamos na actualidade un arquitecto, dous deseñadores e un interiorista, pero queremos medrar porque neste espazo actual temos a actividade moi limitada. Ter un traballo creativo pero crear sinerxias de colaboración entre todos.

Aquí só medrou a galería en si e a idea é multiplicar o resto das actividades grazas ás facilidades de espazo, ter máis eventos culturais: continuar con presentación de libros pero aumentar a proxeccións de cine, concertos, danza, etc.

## **Aí. Entón neste ano en que a parte máis visible foron as exposicións, que perfil de artistas amosaron a súa obra?**

**SS.** Sobre todo estudantes de Belas Artes, moitos de Pontevedra pero de toda Galicia e de España tamén, non temos cancelas xeográficas. Ese perfil é o que nos interesa porque sabemos o que significa rematar a carreira, ou sen rematar, e non ter espazos para expoñer a túa obra porque ninguén te coñece. Algo que pasa en todos os lados, aquí ou en Madrid. Por iso nos gusta facer un traballo de ponte. Neste sentido tivemos algunhas alegrías como xente que nos dixo que grazas a expoñer por vez primeira en Sarao mellorara o seu

currículum e os chamaran doutros lugares.

**AÍ. Aínda que as vendas non sexan grandes.**

**SS.** Non, pero coidado que nos levamos sorpresas neste sentido e incluso as cousas foron nalgúns casos máis reconfortantes e gratificantes do agardado. De feito todo isto entraba nun ciclo que nós denominamos “El primer escalón” para facer pasar á xente nova de amosar a súa obra en cafeterías ou espazos menores a facelo na galería. É un tipo de iniciativa necesaria se queremos ofrecer oportunidades e deter a marcha de talentos.

**AÍ. E a experiencia noutras actividades: presentación, obradoiros...?**

**SS.** As presentación de libros funcionaron ben os talleres, os que ofrecemos nós ou outra xente aquí, tamén foron a máis pero ao final tiñan o problema do espazo, por iso a necesidade dun lugar maior.

**AÍ. Tivestes contacto coa administración local?**

**SS.** Ao principio dubidamos se desenvolver unha actividade totalmente privada ou traballar co sector público. Cando decidimos seguir un camiño intermedio non tivemos moita colaboración nun principio, pero ultimamente si. Hai un proxecto moi interesante, da man do Concello, ao que aínda se lle está a dar forma e a ver se sae como agardamos. Por certo que temos que aplaudir o gran traballo que desenvolveu o que foi ata hai pouco técnico de Cultura de Ferrol, Marcos



## **“GÚSTANOS FACER UN TRABALLO DE PONTE COS NOVOS CREADORES”**

Lorenzo, alguén moi válido ao que desde xa se lle bota de menos.

**AÍ. Que teredes nas próximas semanas na galería?**

**SS.** O 5 de xullo inauguramos unha mostra con fotografías e instalacións de Sabela Eiriz e xa en agosto, unha exposición con dez ou quince alumnos de

Pontevedra sobre os procesos de creación artística. Seguimos a apostar pola xente nova pero nos gusta poñela en contacto con creadores veteranos. Resulta enriquecedor para ambas xeracións así como ver as múltiples formas que hai hoxe para desenvolver a creación artística.

edicións embora

# RECOMENDACIÓNS

COLECCIÓN "SUPER MI"  
DESCUBRAMOS  
O CORPO



COLECCIÓN "SUPER MI"  
DESCUBRAMOS  
O OCÉANO

A  
MARFALLADA  
TODA



10 *mércores*

21.30 H

**CARLOS BLANCO****Monólogo**

PRAZA DO ALCALDE RAMÓN J. SOUTO GONZÁLEZ (FENE)



**O ACTOR E MONOLOGUISTA, UN REFERENTE DA RETRANCA GALEGA, PRESENTA EN FENE O SEU ESPECTÁCULO AO VIVO (DE MOMENTO).**

Talvez pase por un dos mellores momentos da súa traxectoria profesional e, tal vez sexa por iso que regresa ás táboas con *Ao vivo*, (de momento), un espectáculo co que celebra dez anos de traballo repasando os sketches que fixeron rir a milleiros de espectadores. Monólogos que forman parte xa do noso país coa Garda Civil como protagonista, a duquesa de Alba, os kiwis, a illa de Arousa...

Os seus últimos traballos –a obra de teatro *Sibarís*; a serie *El caso Asunta*; e a súa participación na popular *Somos criminais*– certifican sobradamente as calidades do actor de Vilagarcía.

05-07 *venres-domingo***VENTOS DE BACALLAU****Certame**

SALA CURUXEIRAS / CARPA DA FRIGORÍFICA



**TERCEIRA EDICIÓN DESTE CERTAME QUE QUERE REVIVIR A HISTORIA DA INDUSTRIA DO BACALLAU EN FERROL.**

Música, conferencias, gastronomía e a exposición *A industria do bacallau no Porto de Ferrol*. *Pysbe e Pesba* forman o programa de *Ventos de Bacallau*, que se celebra no porto de Curuxeiras.

Están previstos dous escenarios: as conferencias e a mostra –que se poderá visitar ata o día 14– serán na sala Curuxeiras; e as degustacións gastronómicas e a música, nunha carpa instalada donde estaba a frigorífica. Ver programa nas páx. 18-19.

## Tu tienda de música en FERROL



C/ Magdalena, 31 Bajo  
15402 **FERROL** - A Coruña  
Tels.: 981 074 644 - 698 179 453  
e-mail: info@clefmusic.es

[www.clefmusic.es](http://www.clefmusic.es)

**11-14** *xoves a sábado* 21.30 H

# FESTIVAL DE ORTIGUEIRA

## Música

ESPLANADA DO PORTO (ORTIGUEIRA)

DE BALDE



**CITA INELUDIBLE DO VERÁN, O FESTIVAL ORTIGUEIRA TENSE CONVERTIDO POR MÉRITOS PROPIOS NUN DOS EVENTOS MUSICAIS MÁIS MULTITUDINARIOS DE TODA ESPAÑA.**

Capercaillie é a banda histórica que o sábado 13 subirá ao escenario de Ortigueira: unha forza pioneira en levar a música tradicional celta ao escenario global, inspirando o notable renacemento que se observa hoxe día. A historia de Capercaillie é unha viaxe que reflicte o renacemento musical de Escocia e a elevación da súa identidade cultural a través da música tradicional. A mesma noite do sábado actuarán os galeses NoGood Boyo (unha explosiva fusión de DnB, rap, tecno e electrónica) e os Dervish, un dos grupos máis creativos e influentes da música folclórica irlandesa. O grupo non só preserva a esencia das tradicións musicais irlandesas, senón que tamén explora o seu potencial emocional e poético. A noite grande do festival péchaa Aroze, un trío que ofrece un potente espectáculo rítmico e unha brillante proposta audiovisual. As 11.30 horas da mañá do domingo 14, o tradicional desfile das nacións celtas e- nos días previos- concertos, exposicións e obradoiros. Programación completa na web [festivaldeortigueira.com](http://festivaldeortigueira.com).

**11** *xoves* 21.00 H

# CAAMAÑO & AMEIXEIRAS + GRANDE AMORE

## Música

PRAZA DO ALCALDE RAMÓN SOUTO (FENE)

DE BALDE



**A OFERTA CULTURAL DO CONCELLO DE FENE NO CICLO "XULLO, MES DA PATRIA" ACHEGA Á VILA OS NOVOS TRABALLOS DESTES NOVOS TALENTOS.**

O novo de Caamaño e Ameixeiras é un traballo fundamental para entender o novo folclore ibérico. Armadas unicamente de violín, acordeón e voz, convértense nunha das claves fundamentais do renacer do folclore galego, celta e ibérico. A Grande Amore gústalles o rock & roll, os sintetizadores, as caixas de ritmos e as guitarras. Con todo iso, fan música rápida e chea de graves, como a vida mesma.

**11-13** *xoves a sábado*

# LIGA NACIONAL DE GRAFITTI

## Arte urbana

PRAZA DE ARMAS (FERROL)

DE BALDE

**VARIOS DOS MELLORES GRAFITEIROS DO PAÍS PARTICIPARÁN ESTA FIN DE SEMANA NUNHA PROBA DO CAMPIONATO NACIONAL.**

Dez creadores tomarán parte no evento e clasificaranse no mesmo en función das puntuacións recibidas nos traballos que elaboran ao longo da competición.



**TT SYNDICATE**

SÁBADO 27, 13.30 h.

**FANEKA**

DOMINGO 28, 13.30 h.

# MAROLA!

CONCERTOS nos XARDÍNS DE HERRERA  
27 e 28 de XULLO, FERROL

**embra**  
productions



**FERROL**



XUNTA  
DE GALICIA

galicia

SALA CURUXEIRAS

# PUERTO Y CIUDAD

5 - 14 JULIO

 SALA CURUXEIRAS

 11.00 H A 14.00 H - 17.00 H A 20.00 H

EXPOSICIÓN "A INDUSTRIA DO BACALLAU NO PORTO DE FERROL PYSBE E PEBSA"  
ORGANIZADA POR LA AUTORIDAD PORTUARIA DE FERROL - SAN CIBRAO

16 JULIO

 PUERTO DE FERROL

 A PARTIR DE LAS 19.00 H

PROCESIÓN MARÍTIMA VIRGEN DEL CARMEN

19 - 26 JULIO

 SALA CURUXEIRAS

 12.00 H A 13.30 H - 18.00 H A 20.30 H

EXPOSICIÓN DE PINTURA "CULTURAS" - EVA GARRIDO MIGUÉNS



Autoridad Portuaria de  
Ferrol-San Cibrao



20 sábado

21.00 H

# FESTIVAL FOLCLÓRICO

## Danza tradicional

PARQUE DO RÍO FREIXEIRO (NARÓN)

DE BALDE



**O FESTIVAL FOLCLÓRICO DE NARÓN CHEGA Á SÚA 33 EDICIÓN E NESTA OCASIÓN TRAE GRUPOS DE EXTREMADURA, HUNGRIA, COLOMBIA E OS ESTADOS UNIDOS.**

A xornada iniciarase ás oito da tarde cun pasarrúas de todos os participantes entre o Pazo da Cultura e o parque do río Freixeiro. Unha hora despois, as dúas agrupacións do Padroado de Cultura de Narón –a banda de gaitas e o grupo Alxibeira– abrirán o festival. O grupo folclórico Los Jateros, de Fregenal de la Sierra (Extremadura) –formado por 70 persoas–, e o Ballet Folclórico Municipal de La Estrella (Colombia) actuarán a continuación. Curiosamente, a agrupación de Illinois (USA) WICI Song and Dance Company preserva e promove a cultura polaca en Norteamérica. Desde 1983 é o grupo representativo da Alianza Nacional Polaca, a organización polaca máis grande nos EE. UU. Os húngaros do grupo Bajnóca pecharán o festival.

19 venres

22.00 H

# COQUE MALLA

## Música

RÚA 8 DE MARZO (AS PONTES)

DE BALDE



**O TRUNFO EN SOLITARIO DE COQUE MALLA, TRAS O ÉXITO DA SÚA PRIMEIRA BANDA CASE ADOLESCENTE, É FROITO DUN ENORME TRABALLO E DA CONCIENCIA DO PROPIO TALENTO.**

*Aunque estemos muertos* é o título da xira na que Coque Malla, un dos referentes do pop-rock español, está inmerso e que o levará ata As Pontes en plenas festas do Carme. Presenta un espectáculo que mistura música, luces e unha sorprendente posta en escena e no que fará soar algúns dos seus éxitos máis escoitados, pero tamén novas cancións dos últimos discos como «El último hombre en la tierra» ou «Irrepetible». Non faltarán clásicos como «No puedo vivir sin ti» ou «La señal» cos que Coque Malla foi labrando unha carreira sólida, primeiro con Los Ronaldos e despois, en solitario. Nestes xa máis de vinte anos dende que deixou a banda foi quen de ir crecendo e madurando, conseguindo un estilo único cunha voz inconfundible ata converterse nun dos músicos máis respectados da escena española.

**27 E 28** sábado e domingo

13.30 H

# MÚSICA EN HERRERA

## Música

XARDÍNS DE HERRERA (FERROL)

DE BALDE



**NACE “MAROLA!” NOS XARDÍNS DE HERRERA. UNHA PROPOSTA DE PEQUENO FORMATO EN SESIÓNS VERMÚ PARA GOZAR DA MÚSICA E A PAISAXE URBANA NUN ENTORNO HISTÓRICO**

Música para sorprender. A banda portuguesa de soul TT Syndicate (o sábado) e o folk progresivo das catalás-madrileñas Faneka (o domingo) forman o cartel dun novo festival pensado para gozar da proximidade do mar, o patrimonio histórico e a tranquilidade dun xardín en pleno verán á beira do camiño inglés. Dúas bandas de gran calidade en formato de máxima proximidade. Antes, unha visita –previa inscrición e para só 20 persoas– ao Pazo de Capitanía e, no concerto, unha pequena barra de bebidas.

**26-28**

# OENACH ATLÁNTICO

## Festa

SEDES (NARÓN)



**FIN DE SEMANA COMPLETA NA PARROQUIA DE SEDES COA TRADICIONAL RECREACIÓN DUN OENACH CÉLTICO.**

Artesanía, recreacións históricas, gastronomía, teatro e música conforman o programa dunha actividade xa tradicional cada fin de xullo en Narón: unha festa celta no entorno dos numerosos castros existentes no municipio. Organizado polos propios veciños, é un dos festexos que non convén perder.

**CICLO XULLO, MES DA PATRIA FENE'24**

**CAAMAÑO & AMEIXEIRAS** *Quitar o aire*  
**E GRANDE AMORE** *77*

📍 Na praza do alcalde Ramón J. Souto González

📅 **Xoves 11 de xullo, 21.00 h.**

🎫 Entrada libre e de balde



Deputación DA CORUÑA



FENE  
CONCELLO





XXXIII  
Edición  
2024

Galicia

Banda de Gaitas e Grupo de Baile Tradicional  
Abxibetra do Padroado da Cultura de Narón

Extremadura

Los Jateros (Fregenal)

E.E.U.U.

WIG Song and Dance Company

Colombia

Ballet Folclórico Municipal La Estrella

Hungría

Grupo Folklórico Bajnóca

# Festival Internacional de Folclore

# Narón

Sábado 20 de xullo  
21:00h. Parque do Río Freixeiro



ESTREA DO MES | 12 DE XULLO



## Hong Sangsoo O NOSO DÍA

### ENTREVISTA AO DIRECTOR

#### Cal foi a primeira idea que lle levou a escribir *O noso día*?

Sempre tiven ese desexo de facer filmes. Para este partín dos dous actores, Ki Joobong e Kim Minhee. Non podería dicir conscientemente por que, pero elixinos desde o primeiro momento. Primeiro foi Ki Joobong, que me enviaba unha foto que aínda gardo no móbil. Logo fixen unha foto de Kim Minhee e as dúas fotos xuntáronse na galería do móbil. Os dous ían vestidos de branco, e ese foi quizá o punto de partida do filme.

#### Agora asume todos os roles técnicos, que lle levou a reducir así o seu equipo?

Tiña o desexo, quizá tamén inconsciente, de facer filmes da forma máis lixeira posible. Filme tras filme fun adquirindo habilidades técnicas, primeiro na montaxe, o son e ao final na fotografía. Hoxe en día paréceme importante poder

conectar todas as facetas da produción sendo eu mesmo o vínculo entre todas esas áreas.

#### A cuestión do retrato, mesmo do autorretrato, está no centro do filme. Por que esa dimensión reflexiva, que tende a acentuarse? Para un amante da pintura como é vostede, é importante o retrato?

As miñas obras, obviamente, teñen algo de min, e obteño parte da miña inspiración nas miñas lecturas, nas pinturas que miro. Pero sempre tento non crear unha representación de min mesmo. Aos 22 anos tentei escribir un guión sobre un feito que me pasaba. Loitei por facer ese filme durante un ano, pero non conseguín facelo. Foi entón cando entendín que non tiña sentido tentar copiar a realidade. Provocoume un bloqueo psicolóxico que me impedía crear libremente. Por iso trato de mesturar detalles de diferentes fontes para obter a distancia necesaria entre o suxeito e

eu. Con todo, é certo que a medida que me fago maior, eses detalles que uso están cada vez máis preto de min.

#### Hai n' *O noso día*, do mesmo xeito que n' *A muller que escapou*, unha forte presenza de gatos.

Como cineasta podes abarcar toda a experiencia humana e podes ter o control no set, no cambio de iluminación e demais. Os gatos, porén, non te escoitan. Os cans tampouco. Quería incluír a presenza de gatos nestes dous filmes porque son parte da miña experiencia do mundo. Cando escribín pola mañá, ocorrúseme a idea de incluír ao gato, que era da propietaria do piso no que rodabamos, e por tanto, pasabamos tempo con eles no set. Escribín aberto ao que puidese pasar co gato no marco da rodaxe. Pero, increíblemente, nos dous filmes, os gatos fixeron exactamente o que esperaba deles, así que estou moi agradecido.

Dossier de prensa de *Atalante* (extracto)

## 05 XULLO

## BLONDI

## Dolores Fonzi

2023 | ARXENTINA | 88' | ESPAÑOL | +12



Blondi e Mirko son os mellores amigos. Encántalles vivir xuntos, escoitar a mesma música, fumar marihuana. Parecen case da mesma idade, porén, Blondi é a nai de Mirko.

## Donostia Zinemaldia (Horizontes Latinos)

“Unha longametraxe sobrada de gracia, naturalidade e amor polos seus personaxes” Cineuropa

## 12 XULLO

## O CASTELO AMBULANTE

## Hayao Miyazaki

2004 | XAPÓN | 119' | XAPONÉS | +12



Sophie é convertida nunha muller de 90 anos pola vaidosa Bruxa do lixo. Para levantar a maldición, Sophie atopa refuxio no máxico castelo ambulante do misterioso e aposto mago Howl, xunto ao aprendiz Markl e Calcifer, un demo de lume.

Sophie verase envolta nunha guerra de feiticeiros para defender aos seus novos amigos.

## Oscars 2005 (Mellor Filme de Animación)

“Non só os nenos poden quedar enfeitizados, todo o que se necesita é ter os ollos e o corazón abertos.” The New York Times

## O NOSO DÍA

## Hong Sangsoo

2024 | COREA | 85' | COREANO | +12



Durante un día de verán en Seúl, a actriz Sangwon instálase na casa da súa boa amiga Jungsoo e o seu gato, Mío. Alí reencóntrase coa súa curmá Jisoo, que desexa comezar unha carreira na interpretación seguindo os seus consellos. Paralelamente, ao outro lado da cidade, o poeta Hong está tentando deixar, con moita dificultade, o alcol e o tabaco, ao tempo que recibe a visita de dous estudantes que teñen preguntas moi serias sobre a vida e a arte. Mentres o día avanza, as conversas flúen e compártense os pequenos praceres cotiás, van aflorando as casualidades.

## Cannes 2023 (Quincena dos Cineastas)

‘Unha raiola de luz e unha delicia’ Variety

## 17 XULLO

## PADRE NO HAY MÁS QUE UNO 4: CAMPANAS DE BODA

## Santiago Segura

2024 | ESPAÑA | 90' | GALEGO | +12



Que efecto tería nuns pais que o mesmo día que a súa filla maior cumpre 18 anos o seu noivo propoñalle matrimonio e ela acepte de inmediato?

## IN WATER

## Hong Sangsoo

2024 | COREA | 85' | COREANO | +12



Na paradisíaca illa de Jeju, un actor mozo, Seoungmo, decide poñer a proba a súa creatividade dirixindo unha curtametraxe coa axuda de dous antigos compañeiros de clase. Mentres deambulan pola costa en busca de inspiración, Seoungmo albisca unha muller na praia e achégase a falar con ela. Este singular encontro e unha lonxana canción de amor vano inspirar na rodaxe do seu filme.

## Berlinale 2023 (Encounters)

“Aporta imaxes de pictórica beleza ao filme, próximas a un cadro impresionista “ Micropsia Cine

## 25 XULLO

## QUE A FESTA CONTINÚE

## Robert Guédiguian

2023 | FRANCIA | 106' | FRANCÉS | +7



En Marsella, Rosa, de 60 anos, dedicou toda a súa vida á súa familia e á política co mesmo sentido de sacrificio. Rosa é a única que podería selar a unión da esquerda en vésperas dunha data límite electoral decisiva.

Ao final, apáñase ben con todo até o día que namora de Henri. Por vez primeira, Rosa ten medo de comprometerse.

‘Intelixente e sensible: unha historia de amor e resiliencia’ Bande a part

# DUPLEX Presenta

PASE ÚNICO CON PRESENTACIÓN E COLOQUIO A CARGO DO DIRECTOR LUIS E. PARÉS E SEVERIANO CASALDERREY

VENRES 5 ÁS 19:45 H

## LA PRIMERA MIRADA

**Luis E. Pares**

2023 | España | 74' | español | +7



Documental sobre a primeira escola de cine que houbo en España. Fundada no 1947 como Instituto de Investigacións e Experiencias Cinematográficas (IIEC), no 1962 pasou a chamarse Escola Oficial de Cinematografía (EOC). Nacida en pleno franquismo, foi un reduto de

liberdade e dela saíron nomes coma Berlanga, Bardem, Saura, Picazo, Borau, Camus, Martín Patino, Mercero e Erice, tamén Manuela González Haba, Helena Lumbreras e María Teresa Dressel. Está narrada por Pedro Casablanc e Aitana Sánchez Gijón.

**SEMINCI Valladolid 2023 (sección Memoria y Utopía)**

“Inaugura unha maneira completamente nova e por iso revolucionaria de ler, entender e ata ver o cinema español” El Mundo



**LUIS E. PARÉS**  
Director e guionista.

Foi coordinador do programa de RTVE *Historia de nuestro cine*, así como programador en diversos festivais e institucións. Actualmente é director artístico da *Cineteca Matadero* de Madrid. Realizou curtametraxes exhibidos en festivais internacionais, tamén participou en diversas longametraxes como guionista e actor.

# DUPLEX Cinema

Máis información en [duplexcinema.com](http://duplexcinema.com)


Travesía Moreno 3, Ferrol  
info@duplexcinema.com | 981 35 60 65

De LUNS a DOMINGO

De 17:00 a 22:00 | Sesións matinais sábados e domingos

Proxeccións serán en versión orixinal subtitulada, agás que se sinale o contrario.

Co financiamento de:



Facemos parte de:



máis info:



# 24º Oemach atlántico

26, 27 e 28 xullo 2024


Sedes - Narón



Asociación de Veciños  
ROSA DOS VENTOS  
Sedes - Narón

//ABANCA

Festa Catalogada de Interese Turístico de Galicia



## NOVELA

# OS MALAGANA

GIOVANNI VERGA (TRAD. M<sup>o</sup> ALONSO SEISDEDOS) | 336 PÁX. | **17,50 €**

**O NOVELISTA SICILIANO GIOVANNI VERGA (1840-1922) ESTÁ CONSIDERADO O GRANDE REFERENTE DO REALISMO NA LITERATURA ITALIANA.**

Entre unha abundante produción adoito considérase a súa obra mestra “I Malavoglia” (1881) que agora acaba de ver a luz en galego na editorial Irmás Cartoné baixo o título de “Os Malagana”. Trátase dun soberbio fresco familiar, inspirado en Zola e Balzac, que capta a dura vida dos traballadores do mar na illa de Sicilia no século XIX. A historia xira arredor da desgraza dos Malagana, desencadeada polo naufraxio do barco “Provvidenza” e a súa carga. Así desenvólvese toda unha trama extraordinariamente complexa que nunca abandona o doloroso e apaixonado desenvolvemento do drama. A vida cotiá da vila, os rancores, as pelexas, os intereses de cada un deles e, sobre todo, as relacións que establecen cos protagonistas, non fan máis que potenciar as súas virtudes. A dor e a alegría, a derrota e a vitoria, a paixón e o esquecemento confúndense para concluír que os vencidos poden ser máis felices que os vencedores. A presente versión en galego ten como responsable da súa tradución a María Alonso Seisdedos. A novela inspirou en 1948 unha das obras mestras do grande realizador italiano Luchino Visconti, “La terra treme”.

## CRÓNICA

# MAR BRANCO. CRÓNICAS DE RUSIA E EUROPA ORIENTAL

BRAIS SUÁREZ GONZÁLEZ | EDITORIAL GALAXIA | 196 PÁX. | **25 €**

O xornalista vigués Brais Suárez González debuta con esta crónica de viaxes que pon o seu foco na fascinante Europa oriental, do mar Negro ao Ártico, esencialmente Rusia pero tamén Ucraína ou Bulgaria, por exemplo. Trátase de catorce crónicas canda as súas fotografías coas que Suárez mergulla a súa mirada inquisitiva pola historia, arte e literatura desa Europa, mesturándoa con comentarios vitais e persoais entre os que se inclúe unha correspondencia co escritor Xosé María Álvarez Caccamo, autor do limiar deste espléndido traballo insólito e recomendable.

## ENSAIO

# AS MÚSICAS INTERROMPIDAS. BALBOA, MACÍAS, VIAÑO

M<sup>o</sup> DEL CARMEN, LUCINIO MEDEL, JAVIER ARES | GALAXIA | 196 PÁX. | **19,30 €**

O presente volume é unha necesaria homenaxe a tres talentos da música galega que non puideron dar o mellor de si. Ademais da creatividade uniunos unha desaparición temperá cando albiscaban a excelencia. O ferrolán Xan Viaño con só 35 anos en 1995, Enrique Macías aos 37 no mesmo ano e Manuel Balboa en 2004 aos 46. O traballo pescuda na súa biografía e traxectoria musical e explica a razón da traxedia dunhas mortes que coutaron en grande medida o desenvolvemento da moderna música galega cando a esperanza creativa era inmensa.




DELICIAS SONORAS



**MUNDO PRESTIGIO  
ETERNA CONSTANZA**

Despois de tres EPs, a banda galega edita no selo Ernie Records o froito do seu traballo, filias e fobias. Este “Eterna Constanza” que é unha síntese da súa irónica e crítica visión do mundo envolta en estimulantes melodías “Chill Out”. O traballo do cuarteto, composto por 13 pezas conta nos mandos coa produción do popular Hevi, engadíndose a colaboración de colegas de selo e amigos como Antía Van Weill, Kimberley Tell, Kiliki Frexko (de Chill Mafia), Erik Urano e Cibrán (Boyanka Kostova), ou Carlangas (Novedades Carminha) a quen acompañan tamén no proxecto Los Cubatas. Temas en galego, castelán, portugués e instrumentais nos que destacan cortes como “Ruada”, “Buen mood”, “Gordo” ou “Radio Roriz” e nos que a banda reivindica o soul de Isaac Hayes ou o pop español dos 70 mesturado con pingas de hip hop. Cunha visión irónica do mundo artístico, burlas á meritocracia ou á cultura do esforzo coa que suññamente nos arenga a sociedade capitalista actual, aposta por ritmos frescos, necesarios neste verán tan inusual como o tempo mental de Mundo Prestigio.



**MICHAEL HEAD & THE RED  
ELASTIC BAND LOOPHOLE**

Se hai músicos de culto no panorama actual, artistas cunha traxectoria creativa inversa a súa popularidade, poucos tan canónicos como Michael Head. Líder desde os anos 80 de bandas soberbias como The Pale Fountains, Shack ou The Strands, semella que atopou unha paz vital e creativa coa súa formación da última década, The Red Elastic Band. Con eles leva xa un mini LP e tres discos, sendo este “Loophole” un perfecto resumo dos seus anxeos e visións cheos dunha sutil poética indie pop mesturada sempre con arrecendo do seu ídolo Arthur Lee (Love). Neste “Loophole” Head reúne 12 cancións evocadoras e autobiográficas, interpretando escenas onde lembra anos de música, amores, perdas e os longos días de verán que só puideron xurdir do corazón do artista de Merseyside. Pezas luminosas como “You smiled at me”, o toque dixie de “A long time dead” ou a vitalista “Ciao Ciao Bambino” entre outras, cargadas de referencias persoais, históricas ou homenaxes a amigos como Will Sergeant de Echo & the Bunnymen. Outro disco luminoso dun talento á sombra.



**LONGAMETRAXE: LA  
ESTRELLA AZUL**

Produción hispanoarxentina do debutante director Javier Macipe, “La estrella azul” estreouse hai uns meses nas pantallas e chega agora ás plataformas televisivas da man de Filmin e Movistar Plus+. Biopic con elementos de documental e pingas surrealistas, a película de Macipe salta xéneros e se interna pola vida do músico zaragozano Mauricio Aznar que liderou a banda de rockabilly Mas Birras de certa sona entre os anos 80 e os 90. A cinta protagonizada por un inspirado Pepe Lorente narra a fuxida de Aznar cara Arxentina para fuxir dun fracaso amoroso e do temor a recaer nas súas adicións. Alí busca o ronsel do cantante Atahualpa Yupanqui que o fascinou desde neno e entra en contacto co folklore arxentino da zona de Santiago da man da familia Carabajal, mestres da danza e música da chacarera. O encontro entre tan distintas sensibilidades resulta explosivo e fala do poder de unión da música, da celebración da vida e da grandeza dos artistas anónimos. Unha película emocionante que retrata a curta vida dun músico non moi coñecido fóra de Aragón que con esta longametraxe gañará non poucos seareiros.

# XULLO

## 01 luns

### INFANTIL

20.00 h Praza Constitución. Ares.

**MARIA FALTRI. PICADISCOS**

## 04 xoves

### FESTIVAL INTERNACIONAL DE NARRACIÓN ORAL

12.00 h Biblioteca Municipal. Ferrol.

**XOGOS MUSICAIS DE LUIS PREGO E SAMUEL SOTO**

19.00 h Dende a praza de Armas. Ferrol

**ROTEIRO POLA ESCULTURA URBANA, CON GUILLERMO LLORCA**

21.00 h Parque Raíña Sofía. Ferrol.

**CONTOS, CANTOS, CON ANA SOFÍA PAVÍA**

### INFANTIL

20.00 h Paseo de Xuvia. Neda.

**AS MINAS DO REI SALOMÓN**

## 05 venres

### FESTIVAL INTERNACIONAL DE NARRACIÓN ORAL

12.00 h Biblioteca Municipal. Ferrol.

**BURROMAQUIA, CON INACIO VILARINO**

19.00 h Dende a praza de Armas. Ferrol.

**ROTEIRO: A MULLER NO PROGRESO DE FERROL, CON ESPERANZA PIÑEIRO DE SAN MIGUEL**

21.00 h Parque Raíña Sofía. Ferrol.

**TRALALAREIRA, DE VERO RILO E SANTI CRIBEIRO**

### INFANTIL

18.00 h Praza do alcalde Ramón J. Souto González. Fene.

**FESTA INFANTIL**

### VENTOS DE BACALLAU

19.30 h Sala Curuxeiras. Ferrol.

**MESA REDONDA: RUMBO AL GRAN BANCO DE TERRANOVA, 1926-2004**

20.30 h Sala Curuxeiras. Ferrol.

**BIODIVERSIDADE NA RÍA DE FERROL**

## 06 sábado

### FESTIVAL INTERNACIONAL DE NARRACIÓN ORAL

12.00 h Biblioteca Municipal. Ferrol.

**MARES DE CONTOS», DE RAQUEL QUEIZÁS**

21.00 h Parque Raíña Sofía. Ferrol.

**UNHA CHEA DE CONTOS, CON AVELINO GONZÁLEZ**



### VENTOS DE BACALLAU

18.00 h Carpa da Frigorífica. Porto de Ferrol.

**TALLER CULINARIO-LITERARIO + CATA MARIDAXE**

20.00 h Carpa da frigorífica. Porto de Ferrol.

**OS PIÑEIRO BAND + DJ THE FABULOUS FRANK FAIRLANE.**

## 07 domingo

### VENTOS DE BACALLAU

13.30 h Carpa da frigorífica. Porto de Ferrol.

**SONG VOLANS**

14.30 h Porto de Ferrol.

**XANTAR POPULAR**

16.30 h Porto de Ferrol

**CANTABERNEIROS, FARRAPOS DE GHAÍTA, E AGOSTINHO DJ.**

## 10 mércores

### MONÓLOGO

21.30 h Praza do alcalde Ramón J. Souto González. Fene.

**CARLOS BLANCO**

## 11 xoves

### EXPOSICIÓN

Todo o día Praza de Armas. Ferrol.

**LIGA NACIONAL DE GRAFFITI**

### NOVO CIRCO

20.00 h Campo dos Subarreiros. Neda.

**UP2DOWN**

### MÚSICA

21.00 h Praza do alcalde Ramón J. Souto González. Fene.

**CAAMAÑO&AMEIXEIRAS + GRANDE AMORE**

### MÚSICA

21.00 h Alameda de Raxoi. Pontedeume.

**PEQUEDISCO MOC MOC AND REMEMBER**

### FESTIVAL DE ORTIGUEIRA

21.30 h Ortigueira

**BAGAD BRIEG**

22.45 h Ortigueira

**PICARÓS**

23.40 h Ortigueira

**ALANA**

00.35 h Ortigueira

**BUÍOCH**

01.20 h Ortigueira

**SCOTTISH FISH**

02.40 h Ortigueira

**CÚIG**

## 12 venres

### EXPOSICIÓN

Todo o día Pza Armas. Ferrol.

**LIGA NACIONAL DE GRAFFITI**

### FESTIVAL DE ORTIGUEIRA

12.00 h Ortigueira

**BANDA DE GAITES CANDÁS**

12.30 h

**PEOPLES FORD BOGHALL & BATHGATE CALEDONIA PIPE BAND**

13.00 h

**BANDA DE GAITAS DE VEGA DE ESPINAREDA**

13.30 h Ortigueira

**AXEIGO**

16.00 h Ortigueira

**BANDA GAITES VILLAVICIOSA EL GAITERO**

17.00 h Ortigueira

**ASOCIACIÓN CULTURAL GALEGA ROSALÍA DE CASTRO**

18.00 h Ortigueira

**ASOCIACIÓN CULTURAL DONAIRE**

19.00 h Ortigueira

**AXEIGO**

20.00 h Ortigueira

**BAGAD BRIEG**

21.30 h Ortigueira

**PEOPLES FORD BOGHALL & BATHGATE CALEDONIA PIPE BAND**

22.15 h Ortigueira

**ESCOLA DE GAITAS DE ORTIGUEIRA**

23.30 h Ortigueira

**KINNARIS QUINTET**

0.50 h Ortigueira

**FILLAS DE CASSANDRA**



02.15 h Ortigueira

**BACKWEST**

03.30 h Ortigueira

**GREEN LADS**

**NOVO CIRCO**

20.30 h Alameda de Raxoi. Pontevedra.

**GALA DE CIRCO MOC MOC**

**MÚSICA**

21.00 h Praza do alcalde Ramón J. Souto González. Fene.

**FESTIVAL DE HABANEIRAS E CANTO CORAL**

**13 sábado**

**EXPOSICIÓN**

Todo o día Praza de Armas. Ferrol.

**LIGA NACIONAL DE GRAFFITI**

**FESTA GASTRONÓMICA**

11.00 h Porto de Mugardos

**FESTA DO POLBO**

**FESTIVAL DE ORTIGUEIRA**

12.00 h Ortigueira

**BANDA DE GAITAS DE VEGA DE ESPINAREDA**

12.30 h Ortigueira

**BANDA GAITES VILLAVICIOSA EL GAITERO**

13.00 h Ortigueira

**BAGAD BRIEG**

13.30 h Ortigueira

**PETRICOR**

16.00 h Ortigueira

**BANDA DE GAITES CANDAS**

17.00 h Ortigueira

**ASOCIACIÓN CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO**

18.00 h Ortigueira

**BANDINA DE CUAYA**

19.00 h Ortigueira

**PETRICOR**

20.00 h Ortigueira

**PEOPLES FORD BOGHALL & BATHGATE CALEDONIA PIPE BAND**

21.30 h Ortigueira

**AILÁ**

22.45 h Ortigueira

**CAPERCAILLIE**

00.15 h Ortigueira

**DERVISH**

01.40 h Ortigueira

**NOGOOD BOYO**

03.00 h Ortigueira

**AROZE**

**14 domingo**

**FESTIVAL DE ORTIGUEIRA**

11.30 h Ortigueira

**DEFILE DAS NACIÓNS CELTAS**

18.00 h

**TROULA DO ORTEGAL**

19.00 h

**A REQUINTA DE LAMPAI**

21.30 h Ortigueira

**DONAIRE**

22.45 h Ortigueira

**MURO KVARTET**

00.15 h Ortigueira

**JOSÉ MANUEL TEJEDOR**

01.45 h Ortigueira

**BÖJ**

**16 martes**

**MÚSICA**

21.00 h Redes. Ares.

**KEEPERS**

23.30 h Redes. Ares.

**JAQUE**

**17 mércores**

**CONFERENCIA**

20.00 h Mosteiro de Santa Catalina. Ares.

**MARÍA HIDALGO CASARES**

**19 venres**

**MÚSICA**

22.00 h Rúa 8 de marzo. As Pontes.

**COQUE MALLA**

**20 sábado**

**FESTIVAL INTERNACIONAL DE FOLCLORE**

20.00 h Parque do Río Freixeiro. Narón.

**PASARRÚAS**

21.00 h Parque do Río Freixeiro. Narón.

**BANDA DE GAITAS DO PADROADO DE CULTURA DE NARÓN, ALXIBEIRA, LOS JATEROS, BALLET FOLCLÓRICO MUNICIPAL LA ESTRELLA, WICI SONG AND DANCE COMPANY, BAJNOCA**



**21 domingo**

**MÚSICA**

20.00 h Monasterio de Santa Catalina. Ares.

**BANDA DE MÚSICA DE LA AC XABREGA**

**26 venres**

**FESTA**

Todo o día Sedes. Narón.

**OENACH CELTA**

**27 sábado**

**FESTA**

Todo o día Sedes. Narón.

**OENACH CELTA**

**MAROLA**

13.30 h Xardíns de Herrera. Ferrol.

**TT SYNDICATE**



**MÚSICA**

17.00 h Recinto Feiral do Trece. Sedes. Narón.

**CAFÉ DOROTHE**

**28 domingo**

**FESTA**

Todo o día Sedes. Narón.

**OENACH CELTA**

**MAROLA**

13.30 h Xardíns de Herrera. Ferrol.

**FANEKA**



Nº 193  
ANO XVII

**EDITA:**

**ee** | edicións embora  
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63 - 1º. 15402 FERROL.  
T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es



**DIRECTOR:**

Miguel Toval

**DESEÑO/MAQUETA:**

Jose A. Farinós

**REDACIÓN E COLABORADORES:**

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás Vidal, Kiko Delgado

**DEPÓSITO LEGAL:**

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilitana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.



A Coruña y As Mariñas



Ferrolterra



Costa da Morte



Terras de Santiago



Ría de Muros e Noia



Ría de Arousa Norte

# Provincia da Coruña

*... seguramente, a mellor opción*



Deputación  
DA CORUÑA

 [turismo.dacoruna.gal](http://turismo.dacoruna.gal)

 @DACTurismo

 Turismo da Deputación da Coruña

 Dacturismo